

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e catro de maio do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Dona María Isabel Couselo Torres, por vacante
Dona Ana Laura Iglesias González
Don Carlos Gómez Prado
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Javier Iglesias Mougán, en substitución de Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Beatríz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona María Pilar Ramallo Vázquez, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 19 de abril de 2024 (Exp. n. 2023057882).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día dezanove de abril de dous mil vinte e catro.

2. Dar conta da Resolución da Dirección Xeneral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se amplía o prazo de execución, ata o 30 de setembro de 2024,



dos proxectos: Desenvolvemento de Integración con Carpeta Cidadá, Plataforma de comunicación e xestión de incidencias nos Concellos, Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS, Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos Concellos e Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos Concellos, correspondentes á convocatoria das subvencións da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (**Expte. nº 2024030938**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da aprobación da aprobación da I Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra, para a súa adhesión ao acordo marco para a contratación dun sistema de impresión e dixitalización, cuxo fin é a ampliación da vixencia do convenio ata o 5 de xuño de 2026 (**Expte. nº 2024025805**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

4. Dar conta da adxudicación do contrato do "servizo de implantación formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra" (**Expte. nº 2024002812**).

A Comisión informativa tamén queda enterada tamén desde punto.

5. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e doce minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

